

## 13 publicacións e comunicación

O Servizo de Publicacións consolida a nova imaxe das súas series, máis axustada ás necesidades e á estética actuais. Unha proba da boa acollida que tivo foi a concesión do premio da Asociación de Editoriais Universitarias Españolas (AEUE) ao mellor catálogo editorial, correspondente á convocatoria de 2005 e que foi recollido polo vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación e polo director do Servizo en Madrid o 27 de novembro de 2006, no marco da feira Liber.

- En paralelo coa renovación externa, que depende en gran medida da deseñadora Julia Núñez, o Servizo de Publicacións procura a máxima calidade dos contidos mediante a implantación do sistema de lectores externos, que garanten a obxectividade na aceptación das publicacións.
- Canto á distribución para alén da presenza habitual cun expositor propio na Feira do Libro da Coruña, participamos, ben en coordinación coa Asociación de Editoriais Universitarias Españolas, ben co Ministerio de Cultura, en diversas feiras do libro, non só españolas mais tamén internacionais, como as de Granada, Sevilla, Valencia, Madrid, Saló del Llibre de Barcelona, Liber, Bogotá, Guadalajara etc. A promoción editorial inclúe a periódica presentación de novedades ante os medios de comunicación e a publicación de catálogos e de folletos de novedades, como o que corresponde ao período entre agosto de 2005 e xullo de 2006.
- O traslado ao novo Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, que se realizou en xullo de 2006, permítenos unha xestión máis eficaz dos nosos fondos editoriais e unhas excelentes condicións de visibilidade do Servizo.

**Cadro 126**  
**Evolución das publicacións da UDC**

<b>Colección</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>
Monografías	8	7
Actas de cursos e congresos	6	2
Manuais	3	4
Institucional	1	1
Coedicións	5	4
Homenaxes	-	1
Revistas	10	9
Anexos Rev. Lexicografía	-	3
Serie Nova Terra	-	2
<b>Total</b>	<b>33</b>	<b>33</b>

- Libros doutras universidades e institucións recibidos en intercambio ..... 1061
- Revistas doutras universidades e institucións recibidas en intercambio ..... 277

#### ► Publicacións do ano 2006

---

##### Serie Monografías

*Modelos estadísticos aplicados, 2ª edición*

Vilar Fernández, Juan M.

*Estudios galego-brasileiros 2*

Salinas Portugal, Francisco; Tavares Maleval, Mª do Amparo

*Discapacidad intelectual y envejecimiento*

Millán Calenti, José Carlos (coord.)

*Ler e escribir en Galicia. A alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX*

De Gabriel, Narciso

*Valoración socio-sanitaria de la población mayor de 65 años del municipio de Abegondo.*

Pita Fernández, Salvador (coord.)

*El conflicto comunicativo en las empresas desde el análisis del discurso*

Morales López, Esperanza; Prego Vázquez, Gabriela; Domínguez Seco, Luzia

*O tempo dos ríos*

Martínez Gil, Francisco Javier; Soto Castiñeira, Manuel (eds.)

**Cursos, Congresos, Simposios**

---

*II Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Investigación*

Servizo de Normalización Lingüística da UDC

*I Jornadas sobre gestión de crisis. Más allá de la sociedad del riesgo*

Ruano Gómez, Juan de Dios (ed.)

**Manuais**

---

*Manual del operador GMDSS (reimpresión)*

Louzán Lago, Felipe; Martínez Mayán, José M.; Iglesias Baniela, Santiago

*Criterios para o uso da lingua*

Sanmartín Rei, Goretti; Martínez Fernández, Ana Isabel; Méndez López, Iván; Pita Rubido, María Luís; Ríos Noia, Marisol

*Sobre a calidad da nosa lingua*

Sanmartín Rei, Goretti; Martínez Fernández, Ana Isabel; Méndez López, Iván

*Formación, profesionalización y acción en mediación intercultural*

Oso Casas, Laura; Montero Souto, Pablo (coord.)

**Publicacións institucionais**

---

*Letras Galegas 2006. Lugrís Freire*

López, Teresa (ed.)

**Coedicións**

---

*Los pioneros gallegos. Bases del desarrollo empresarial 1820-1913 (en colaboración coa editorial LID)*

Lindoso Tato, Elvira

*Compañía de tranvías de La Coruña (1876-2005). Redes de transporte local (en colaboración con LID)*

Martínez López, Alberte; Piñeiro Sánchez, Carlos; Velasco Souto, Carlos

*Literatura y cultura popular en el nuevo milenio. Actas del II Congreso internacional de la Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular (en colaboración con SELICUP)*

Cousillas Rodríguez, Manuel; Fernández Roca, José Angel; Cancelo López, Pablo; Jarazo Álvarez, Rubén

*Julio Cortázar no 40º aniversario da publicación de Rayuela. Actas das I Xornadas Literarias Julio Cortázar (en colaboración co concello de Neda)*

Pérez Grueiro, Manuel (ed.)

---

### Homenaxes

*Pensar en tiempos de oscuridad. Homenaje al profesor Sergio Vences*

Couceiro Bueno, Juan Carlos (ed.)

---

### Anexos a Revista de Lexicografía

*El diccionario de la Real Academia Española: ayer y hoy*

Campos Souto, Mar; Pérez Pascual, José Ignacio (eds.)

*América y el diccionario*

Campos Souto, Mar; Córdoba Rodríguez, Félix; Pérez Pascual, José Ignacio (eds.)

*Diccionarios y fraseología*

Alonso Ramos, Margarita (ed.)

---

### Serie Nova Terra

*Evolución tectono metamórfica del dominio de alto grado de la banda metamórfica de Aracena*

Díaz Azpiroz, Manuel

*La geología del sinforme de Alcañices, Oeste de Zamora*

González Clavijo, Emilio José

---

### Revistas

*Revista de Lexicografía (2005-2006)*

*Revista Galega de Filología (2006)*

*Revista Galego-portuguesa de Psicoloxía e Educación (2006)*

*Conceptos (2006)*

*Cadernos, Laboratorio Xeológico de Laxe (2006)*

*Anuario da Facultade de Dereito (2006)*

*Lenguaje y textos (2006)*

*Ambientalmente Sustentable (2006)*

*Sarmiento (2006)*

### ► Recursos audiovisuais

O Servizo de Medios Audiovisuais desenvolveu unha intensa actividade nos últimos anos. Cos recursos disponibles, enfrentou a gravación e edición de múltiples actividades realizadas na comunidade universitaria. Na súa páxina web, <http://www.udc.es/recav/>, especificase toda a información que poida necesitar calquera membro da UDC para acceder a este servizo.

Ao longo de 2006, este servizo realizou, resumidamente, o seguinte tipo e cantidade de actividades:

**Cadro 127**  
**Actividades do Servizo de Recursos Audiovisuais en 2006**

Actos institucionais	<b>10</b>
Xuntanzas, cursos e congresos	<b>6</b>
Vídeos promocionais da institución	<b>8</b>
Proxectos docentes e de extensión	<b>8</b>
Conferencias	<b>7</b>

En todas estas actividades, os usuarios dispoñen de asistencia técnica, gravación e edición en formato DVD. Ademais, o servizo participa activamente, como todo os anos, nas emisións de Ópera Aberta e atende actos no Paraninfo.

O departamento participou, xunto cos Servizos Informáticos e de Comunicación (SIC) e a Facultade de Ciencias da Comunicación, na definición e planificación dun proxecto de producción audiovisual propia da UDC cuxa posta en marcha está prevista para 2007.

## ► Comunicación

O Gabinete de Comunicación estivo atendido en 2006 por dúas xornalistas (a nova xefa de prensa, que se incorporou en xaneiro, e unha bolseira). Xunto coas funcións habituais, como a atención aos medios de comunicación ou a convocatoria de conferencias de prensa, as actividades más salientables foron as seguintes:

### Comunicación interna

- Edición do Boletín de Información Universitaria (BIU), con información e fotografías distribuídas en 16 páginas a cor. No ano 2006 publicáronse cinco números, cunha tiraxe de 2.500 exemplares.
- Elaboración do resumo de prensa dixital diario, que se pode consultar na web da UDC desde primeira hora da mañá e que recolle novas de diarios de tiraxe estatal, galego ou local. En 2006 rexistráronse un total de 4.823 impactos nos medios de comunicación, dos que 61 foron noticias en diarios de ámbito español nas que se mencionou expresamente á UDC. Na prensa galega, entendida esta como a que ten difusión só na comunidade, contabilizáronse 4.762 impactos.

### Comunicación externa

- Envío de notas de prensa, tanto da información xerada a nivel institucional pola Universidade como das diversas actividades que se organizan nos centros. En total, ao longo do ano redactáronse 470 notas de prensa, que se enviaron a máis de setenta xornalistas ou medios.
- Publicidade institucional: xestionouse a publicidade ordinaria (sobre todo convocatorias de prazas de profesorado). Elaborouse no Gabinete un suplemento especial de oito páginas -que se distribuiu cos principais xornais galegos- con información da oferta académica da UDC.
- Colaboración especial con medios de comunicación locais para elaborar programas específicos de información sobre a actividade docente, investigadora e cultural da UDC.